

CUARTO: Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos: contencioso-administrativo ante ao Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución, poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ao seu dereito.

Cúmprase.

O que se fai público para xeral coñecemento e coa finalidade de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas; no prazo de de UN MES, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia (DOG.).

Lugo, 7 de agosto de 2014.- O ALCALDE P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE ,(Decreto de Alcaldía núm.13004761 de 15/05/2013), Ana María González Abelleira.

R. 3158

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 13 de agosto de 2014 aprobose, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA “I FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN 2014”**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Sección de Cultura e Turismo.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** O outorgamento de autorizacións para a instalación de sesenta postos de venda durante as festas de San Froilán 2014, que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para iso polo Concello.

b) **Prazo de duración:** Esta feira celebrarase do 4 ao 12 de outubro de 2014 no paseo central da Avenida de Ramón Ferreiro, todo iso segundo o disposto na cláusula primeira das bases técnicas e administrativas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto.

4.- Tipo de licitación:

a) Prezo público de uso de stand 406,21 euros

b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal nº 152) . 243,79 euros

5.- Garantías: Establécese unha fianza de 100 euros.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Sección de Cultura e Turismo.

b) **Domicilio:** Praza Maior, nº 1, planta baixa.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27001

d) **Teléfonos:** (982) 29-72-17, 29-72-16

e) **Telefax:** (982) 29-71-06.

f) **Dirección internet:** (www.lugo.es/perfilcontratante/outros)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula sexta das bases técnicas e administrativas.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou por correo postal.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Praza Maior nº 1,

c) Localidade: Lugo

d) Data: O primeiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de proposicións, agás nos casos de documentación presentada por correo postal que non se recepcione en prazo.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 13 de agosto de 2014.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA, María del Carmen Basadre Vázquez

R. 3194

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 29/05/14 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 11 de xuño sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“Dase nova redacción ó artigo 3 da citada ordenanza no sentido que segue:

As táboas de porcentaxes establecidas na Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar, artigo 3, aprobada por acordo de pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o 24 de xullo de 2013, BOP de Lugo 25 de stembro de 2013

1.- Cofinanciamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %